



## INFORME DE VALORACIÓN TÉCNICA

Reunido o xoves 8 de febreiro de 2024 o persoal técnico do departamento de Servizos sociais do concello de Nogueira de Ramuín, a petición da mesa de contratación celebrada o 5 de febreiro de 2024, **Luz María Rodríguez González, Monserrat Nóvoa Fernández e Isabel Catia Pulido Álvarez**, tras analizar as memorias técnicas presentadas para o *contrato de Servizos de Axuda no Fogar no concello de Nogueira de Ramuín por procedemento aberto, segundo o prego de cláusulas administrativas particulares*

### **INFORMA:**

1- Que se presentan tres memorias neste proceso, GESMEDICAL-DIS, SON A TÚA AXUDA e OSVENTOS

2- Que todas as memorias presentan os mínimos establecidos no prego de cláusulas administrativas, anexo III (Prego de Prescricións técnicas)

3- Que decidiuse aglutinar determinados apartados para facilitar o noso traballo de avaliación e que resultara máis áxil e sinxelo: ORGANIZACIÓN, COORDINACIÓN E CONTROL (30 puntos): Recepción e altas (10 puntos); Seguimento e execución (10 puntos); Protocolos (10 puntos) RECURSOS TÉCNICOS, HUMANOS E MATERIAIS (10 puntos): Humanos (5 puntos) e Técnicos e materiais (5 puntos).

4- Que existen similitudes entre os proxectos presentados (implantación do CIBERSAD, control de calidade ...) pero tamén importantes diferenzas entre as memorias, na súa claridade, división, organización e definición e que pasamos a detallar a continuación:





## A. GESMEDICAL - DIS

A información está perfectamente estruturada, detallada e ampliada, propondo melloras que sinalamos nos seguintes apartados:

a.1. No apartado de Recepción e Altas, melloran notablemente os prazos nos casos de novas altas ( **48 horas**) e definen claramente que profesionais participan en cada apartado. **Puntuación: 10**

a.2. Ben definidos os apartados de execución e seguimento do proxecto, con claridade e especificación suficiente de todos os apartados de interese. **Puntuación: 10**

a.3. Protocolos: aparecen perfectamente definidos e ampliados. Usan numerosos protocolos de interese. Aparecen incluso outros non obrigatorios que redundarán na mellora do servizo (cambios posturais, hixiene, ...). **Puntuación: 10**

a.4 Neste apartado de recursos humanos, valoramos moi positivamente a especificación dos diversos perfís dos que se dispón en distintas áreas (psicoloxía, medicina, enfermaría ...) e da formación continuada do persoal a cargo da empresa, ademais da intervención **urxente e gratuíta** destes profesionais naqueles casos que así o requiran. Valoramos moi positivamente a proposta de servizo de voluntariado e os acompañamentos a persoas usuarias no caso de ser necesario e a existencia de persoal de garda para atencións / substitucións urxentes. **Puntuación: 5**

a.5. Recursos materiais e técnicos: Aparece especificado todo o material de traballo do persoal auxiliar domiciliario, incluídos os EPI debidamente serigrafados co logo do concello. Proponse a creación dun banco de alimentos, roupa e enseres. O programa CIBERSDAD, está implantado coma programa propio e valoramos positivamente a **gratuidade** deste para o concello. Mantén unha oficina no concello para ter un contacto preto coas persoas usuarias e as súas familias. **Puntuación: 5**





## B. SON A TÚ AXUDA

A información mantén unha estrutura un tanto confusa, segundo detallamos:

b.1. Apartado de Recepción e Altas: Mellora nos prazos de inicio do servizo a **72 horas**.  
**Puntuación: 8**

b.2. Seguimento e execución: Cumpren coa periodicidade esixida aínda que notamos unha certa falta de estrutura na información. **Puntuación: 8**

b.3. Os protocolos non aparecen mencionados na súa totalidade, e consideramos que faltan algúns de importancia coma o de comunicación en casos de sospeita de malos tratos. **Puntuación: 8,5**

b.4. No apartado de recursos humanos, valoramos positivamente a existencia dun plan de formación específico para o persoal, pero tamén para as familias e as persoas usuarias. Sen embargo, na parte relativa ao equipo non aparecen reflectidos os postos doutros perfís profesionais que se mencionan na memoria. Polo tanto non queda suficientemente acreditado que exista na estrutura da empresa este persoal especializado. Valórase coma positiva a existencia de persoal de garda para atencións / substitucións urxentes. **Puntuación: 2**

b.5. Neste punto de recursos técnicos e materiais : Aparece especificado todo o material de traballo do persoal auxiliar domiciliario, incluídos os EPI debidamente serigrafiados co logo do concello. Por outra banda, se ben aparece que está instaurada a plataforma CIBERSAD, **non se especifica a súa gratuidade para o concello**. Na memoria se fala dunha oficina no concello ou en concellos limítrofes. A existencia deste posibilidade consideramos vai en detrimento da calidade do servizo (no relativo á proximidade ás persoas usuarias). **Puntuación: 2**





## C. OSVENTOS

A información non mantén unha estrutura clara, segundo detallamos:

c.1. Apartado de Recepción e Altas: **Non se mellora** o prazo de inicio do servizo para casos novos (7 días). En varias ocasións se define o procedemento e se omite a comunicación ao concello.

**Puntuación: 5**

c.2. Seguimento e execución: Cumpren coa periodicidade esixida aínda que notamos unha certa falta de estrutura na información. Nalgún punto da memoria fálase da posibilidade de que as propias auxiliares fagan cambios nos casos asignados entre elas, o que dende o noso punto de vista é totalmente nocivo para o servizo. **Puntuación: 5**

c.3. Os protocolos non aparecen mencionados na súa totalidade, e non se reflicten algúns de importancia coma o de comunicación en casos de sospeita de malos tratos, detección de alteracións de conduta, actuación en accidentes no traballo ... Si aparece algún protocolo novo coma o procedemento en caso de folga ou de absentismo no posto de traballo. **Puntuación: 5,5**

c.4. No apartado de recursos humanos, non se detalla a existencia dun plan de formación específico para o persoal. Ademais na parte relativa ao equipo hai unha mezcla de figuras e de funcións. Non aparece especificado ningún outro tipo de perfil profesional que pode participar no proxecto. Valórase coma positiva a existencia de persoal de garda para atención / substitucións urxentes. **Puntuación: 1**

c.5. Neste punto de recursos técnicos e materiais : Aparece especificado todo o material de traballo do persoal auxiliar domiciliario, incluídos os EPI debidamente serigrafiados co logo do concello. Por outra banda, se ben aparece que está instaurada a plataforma CIBERSAD, **non se especifica a súa gratuidade para o concello**. Non aparece reflectida a intención da empresa de manter unha oficina aberta no noso termo municipal e se desprende que pode ser o concello o que ofrezca un espazo para desenvolver este labor. **Puntuación: 1,5**





# CONCELLO DE NOGUEIRA DE RAMUÍN

Tifs.: Administración 988 20 10 23/988 20 18 03 - Servizos Sociais 988 20 11 22 - Cultura 988 20 15 25  
Fax 988 20 11 20 Estrada a Nogueira, 3 – LUINTRA 32160 OURENSE [www.nogueiraderamuin.com](http://www.nogueiraderamuin.com)

## PROPOSTA:

Que se valore con **40 puntos** a memoria presentada por GESMEDICAL-DIS, con **28,5 puntos** a memoria de SON A TÚA AXUDA e con **18 puntos** a memoria de OSVENTOS.

*Documento asinado dixitalmente*

